

**b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

*Orde do 13 de febreiro de 2008 pola que se dispón o nomeamento dun vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña.*

O artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, dispón que a designación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias dos portos de interese xeral será acordada polo órgano competente da comunidade autónoma por proposta das organizacións, organismos e entidades ás cales representen aqueles.

Polo exposto, vista a proposta do ente público Portos do Estado, e en exercicio das facultades que me foron atribuídas polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 10 de xaneiro de 2002,

**DISPOÑO:**

O nomeamento de José Miguel Lubián García como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, en representación da Administración xeral do Estado.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2008.

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*Resolución do 12 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para adultos e colectivos de Galicia, no ano 2008 (PR 104 B).*

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, recollendo o que dispoñen a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial en Galicia. En consonancia con iso, recoñécelle á cidadanía o dereito de coñecelo e de usalo. Pero non estaría garantido ese dereito se os cidadáns non tivesen a posibilidade de aumentar (ou iniciar, se é o caso) o coñecemento e o dominio da lingua propia de Galicia.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004, contén, entre outras,

varias medidas dirixidas aos adultos e á sociedade, encamiñadas a renovar a política lingüística con respecto ao uso do galego, adecuándoa aos tempos actuais, co fin de equilibrar unha situación social de desigualdade entre ambos os dous idiomas, o que exige medidas favorables ao galego para alcanzar ese equilibrio.

A estrutura e o contido destes cursos están regulados mediante a Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG nº 146, do 30 de xullo, corrección de erros DOG nº 178, do 13 de setembro).

Por todo iso,

**DISPOÑO:****1. Obxecto.**

Anunciar a convocatoria pública para solicitar participar en cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para adultos e colectivos de Galicia, con carácter gratuíto. Convócanse un total de 366 cursos.

Os cursos realizaranse nas localidades da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Burela, Ourense, O Barco de Valdeorras, Pontevedra, Lalín e Vigo e naquelas que determine a Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo as solicitudes presentadas e a distribución xeográfica destas, agrupándoas preferentemente por bisbarras.

**2. Destinatarios.**

A convocatoria está dirixida aos seguintes destinatarios:

a) Colectivos, entidades e/ou asociacións que desexen organizar cursos de lingua galega e que contén cun mínimo de 25 persoas preinscritas para participar nos cursos (nome, apelidos e número de DNI/pasaporte).

b) Particulares que desexen realizar algún dos cursos obxecto desta convocatoria.

**3. Prazo para impartir os cursos.**

Os cursos que se organicen e impartan ao abeiro desta convocatoria deberán estar finalizados antes do 30 de novembro de 2008.

**4. Contido e requisitos dos cursos.**

Os cursos axustaranse aos obxectivos, ao programa e ao contido curricular establecido na Orde do 16 de xullo de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo.

Para conseguir o axeitado rendemento e aproveitamento do curso, é necesario garantir a homoxeneidade de coñecementos do alumnado, polo que, tanto os particulares como as entidades, á hora de formular a solicitude dun curso dun determinado nivel deberán ter en conta a definición de contidos previstos na norma anterior. En todo caso, o profesor, no momento de iniciar o curso, valorará os coñecementos previos do alumnado e, se fose conveniente, indicarlle o nivel máis aconsellable para os seus coñecementos.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística non expedirá ningún tipo de certificación ou diploma de asistencia. Para obter a acreditación do nivel de coñecemento e dominio da lingua galega, as persoas interesadas terán que realizar as probas correspondentes, que se efectuarán en maio/xuño e novembro/décembro de cada ano, logo de convocatoria publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

O número de asistentes a cada curso será de 20 persoas como mínimo e de 30 como máximo. Se quedasen prazas vacantes, os colectivos, entidades ou asociacións organizadoras deberán aceptar completar as prazas con persoas interesadas, aínda que non sexan afiliadas ou asociadas das propias entidades.

Se durante os dous primeiros días do curso se desenan de baixa ou non asistisen as persoas inscritas nel, deberán ofrecerse as prazas aos solicitantes que non fosen admitidos no primeiro chamamento.

Dado o carácter gratuíto dos cursos e para garantir un uso eficiente dos recursos públicos, se no transcurso do curso o número de asistentes non alcanzase o número mínimo previsto na epígrafe anterior, a Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá acordar a cancelación do curso, ofrecéndolles aos interesados a posibilidade de integrarse nun curso doutra localidade.

Os cursos terán unha duración de 75 horas lectivas, distribuídas en sesións de dúas horas e media cada día. En casos excepcionais, debidamente xustificados, poderá autorizarse a realización de sesións con horario diferente.

Todas as actividades que se leven a cabo nestes cursos realizaranse, segundo o previsto na disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística, conforme as normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo de 2003, coidando o uso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

#### 5. Dotación orzamentaria.

O gasto ocasionado pola realización destes cursos financiarase con cargo á partida orzamentaria 04 60 151 A 640 2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, destinada a cursos e actividades de formación de lingua galega, ata unha contía máxima de 1.200.000 euros.

#### 6. Retribución para cada curso.

Os módulos de retribución dos cursos son os que a continuación se relacionan:

-Retribución profesor/a colaborador 3.000 € (75 horas a 40 €/hora). Se se acordase a cancelación dun curso por falta de asistentes, o profesor será retribuído de acordo coas horas impartidas máis 100 euros en concepto de indemnización.

-Retribución coordinación, só en casos excepcionais, tras a autorización da secretaria xeral de Política Lingüística: 200 €.

-Retribución persoal subalterno ou auxiliar: 150 €.

-Material para o curso (máximo): 100 €. Aboaráselles directamente ao profesor, logo da presentación das facturas correspondentes, naqueles cursos en que a SXPL non lle facilite material ao alumnado, en formato papel ou na web.

#### 7. Designación de profesorado.

O profesorado destes cursos nomearao a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a través dos xefes dos gabinetes provinciais de normalización lingüística ou do Servizo de Plans, Programas e Asesoramento Lingüístico. O chamamento dos profesores para os cursos efectuarase segundo a orde da lista oficial de profesorado colaborador desta secretaria xeral.

#### 8. Solicitudes.

As persoas interesadas e as entidades/colectivos formularán as solicitudes de acordo cos modelos de solicitudes que figuran como anexo I (para persoas individuais) e anexo II (para entidades ou colectivos), respectivamente.

As solicitudes dirixiranse aos gabinetes provinciais de normalización lingüística desta Secretaría Xeral de Política Lingüística da provincia que corresponda. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral da Xunta de Galicia ou no da delegación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da provincia a que pertenza a localidade onde queiran realizar o curso. Sen prexuízo do anterior, poderanse presentar nas oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño (DOG do 24 de xuño), segundo o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro).

As entidades e persoas interesadas en xeral dispoñen dun formulario na web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega) que permite cubrir e editar a solicitude.

#### 9. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria.

#### 10. Documentación que hai que xuntar á solicitude.

No caso das solicitudes formuladas por entidades/colectivos para organizar o curso, deberá achegarse a lista de persoas preinscritas (apelidos, nome e DNI).

#### 11. Procedemento de selección.

Recibidas as solicitudes nos gabinetes provinciais de normalización lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística (para os cursos de cada provincia), procederase a revisar a documentación. Se se apreciasen erros ou omisións, comunicaráselles ás entidades ou persoas solicitantes para a súa emenda, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992.

As solicitudes que cumpran os requisitos seleccionaranse segundo a orde de entrada.

#### 12. Programación dos cursos.

Co fin de facilitar a inscrición dos particulares, ofértanse os seguinte cursos:

## Programación de cursos Celga do GNL da Coruña:

Localidade	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
A Coruña	Código: CL1200815030001 Lugar: <i>Asociación Mulleres pola Igualdade</i> Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL2200815030002 Lugar: <i>AA.VV. Oza-A Gaiteira</i> Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 10.00-12.00 horas	Código: CL3200815030003 Lugar: <i>AA.VV. Barrio das Flores</i> Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL4200815030004 Lugar: Centro Cívico M. Monte Alto Datas: 26 de marzo-23 de maio Horario: 8.00-10.00 horas
A Coruña	Código: CL1200815030005 Lugar: <i>AA.VV. Agra do Orzán</i> Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 10.00-12.00 horas	Código: CL2200815030006 Lugar: <i>AA.VV. Monte Alto</i> Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL3200815030007 Lugar: Sporting Club Casino Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 10.00-12.00 horas	Código: CL4200815030008 Lugar: <i>AA.VV. Sagrada Familia</i> Datas: 26 de marzo-23 de maio Horario: 18.00-20.00 horas
A Coruña			Código: CL3200815030009 Lugar: <i>A. Xuvenil Xacarandaina</i> Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL4200815030010 Lugar: Círculo de Artesán Datas: 26 de marzo-23 de maio Horario: 10.00-12.00 horas
A Coruña	Código: CL1200815030011 Lugar: CEIP Ramón de la Sagra Datas: durante o mes de xullo Horario: curso intensivo	Código: CL2200815030012 Lugar: CEIP Ramón de la Sagra Datas: durante o mes de xullo Horario: curso intensivo	Código: CL3200815030013 Lugar: CEIP Ramón de la Sagra Datas: durante o mes de xullo Horario: intensivo de verán 10.00-14.00 horas	Código: CL4200815030014 Lugar: CEIP Ramón de la Sagra Datas: durante o mes de xullo Horario: intensivo de verán 10.00-14.00 horas
A Coruña			Código: CL3200815030015 Lugar: CEIP Ramón de la Sagra Datas: durante o mes de agosto Horario: intensivo de verán 10.00-14.00 horas	Código: CL4200815030016 Lugar: CEIP Ramón de la Sagra Datas: durante o mes de agosto Horario: intensivo de verán 10.00-14.00 horas
A Coruña	Código: CL1200815030017 Lugar: <i>AA.VV. Barrio das Flores</i> Datas: 25 setembro-25 novembro Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL2200815030018 Lugar: <i>AA.VV. Agra do Orzán</i> Datas: 25 setembro-25 novembro Horario: 10.00-12.00 horas	Código: CL3200815030019 Lugar: <i>AA.VV. Monte Alto</i> Datas: 25 setembro-25 novembro Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL4200815030020 Lugar: <i>AA.VV. Sagrada Familia</i> Datas: 14 setembro-23 de maio Horario: 18.00-20.00 horas
Ferrol	Código: CL1200815036021 Lugar: IES Marqués de Suances Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL2200815036022 Lugar: IES Marqués de Suances Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL3200815036023 Lugar: IES Concepción Arenal Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL4200815036024 Lugar: IES Concepción Arenal Datas: 26 de marzo-23 de maio Horario: 18.00-20.00 horas
Ferrol			Código: CL3200815036025 Lugar: Edificio da UNED Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 10.00-12.00 horas	Código: CL4200815036026 Lugar: edificio da UNED Datas: 26 de marzo-23 de maio Horario: 10.00-12.00 horas
Santiago de Compostela	Código: CL1200815078027 Lugar: CSC do Castiñeiriño Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 8.30-10.30 horas	Código: CL2200815078028 Lugar: Centro Cultural de Conxo Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 8.30-10.30 horas	Código: CL3200815078029 Lugar: Centro Sociocultural da Fontiñas Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 8.30-10.30 horas	Código: CL4200815078030 Lugar: Centro Sociocultural de Vite Datas: 26 de marzo-23 de maio Horario: 8.30-10.30 horas
Santiago de Compostela	Código: CL1200815078031 Lugar: IES Xelmírez I Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 19.30-21.30 horas	Código: CL2200815078032 Lugar: IES Xelmírez I Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 19.30-21.30 horas	Código: CL3200815078033 Lugar: IES Xelmírez I Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 19.30-21.30 horas	Código: CL4200815078034 Lugar: IES Xelmírez I Datas: 26 de marzo-23 de maio Horario: 19.30-21.30 horas
Santiago de Compostela			Código: CL3200815078035 Lugar: IES Xelmírez I Datas: 26 de marzo-30 de maio Horario: 19.30-21.30 horas	Código: CL4200815078036 Lugar: IES Xelmírez I Datas: 26 de marzo-23 de maio Horario: 19.30-21.30 horas

## Programación de cursos Celga do GNL de Lugo:

Lugo	Código: CL1200827027001 Lugar: CEIP Virxe da Soidade Datas: marzo-maio Horario: 7.45-9.45 horas, de luns a venres	Código: CL2200827001 Lugar: IES Lucus Augusti Datas: marzo-maio Horario: 18.00-20.00 horas, de luns a venres	Código: CL3200827001 Lugar: CEIP Virxe da Soidade Datas: marzo- maio Horario: 7.45-9.45 horas, de luns a venres	Código: CL4200827001 Lugar: IES Lucus Augusti Datas: marzo- maio Horario: 20.00-22.00 horas, de luns a venres
Lugo			Código: CL4200827002 Lugar: IES Lucus Augusti Datas: xullo-agosto Horario: 10.00-13.00 horas, de luns a venres	
Burela	Código: CL12008270902001 Lugar: centro de formación ocupacional de Burela Datas: marzo-maio Horario: 19.30-22.00 horas, de luns a xoves	Código: CL2200827902001 Lugar: centro de formación ocupacional de Burela Datas: 1 de outubro a 20 de novembro Horario: 19.30-22.00 horas, de luns a xoves	Código: CL3200827902001 Lugar: centro de formación ocupacional de Burela Datas: 1 de outubro a 20 de novembro Horario: 19.30-22.00 horas, de luns a xoves	Código: CL4200827902001 Lugar: centro de formación ocupacional de Burela Datas: 8 de abril-29 de maio Horario: 19.30-22.00 horas, de luns a xoves
Monforte de Lemos	Código: CL1200827031001 Lugar: IES Río Cabe Datas: marzo-maio Horario: 19.30-22.00 horas, de luns a xoves	Código: CL2200827031001 Lugar: IES Río Cabe Datas: 1 de outubro a 20 de novembro Horario: 19.30-22.00 horas, de luns a xoves	Código: CL3200827031001 Lugar: IES Río Cabe Datas: marzo- maio Horario: 19.30 a 22.00 horas, de luns a xoves	Código: CL4200827031001 Lugar: IES Río Cabe Datas: 1 de outubro a 20 de novembro Horario: 19.30-22.00 horas, de luns a xoves
Lugo	Código: CL1200827027002 Lugar: Lucus Augusti Datas: outubro-novembro Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL2200827002 Lugar: Lucus Augusti Datas: outubro-novembro Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL3200827002 Lugar: Virxe de Soidade Datas: outubro-novembro Horario: 7.45-9.45 horas, de luns a venres	Código: CL4200827003 Lugar: Lucus Augusti Datas: mes de agosto intensivo Horario: 20.00-22.00 horas

## Programación de cursos Celga do GNL de Ourense:

Ourense	Código: CL1200832872001 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: marzo-maio Horario: 8.00-10.00 horas	Código: CL2200832872002 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: marzo-maio Horario: 10.00-12.00 horas	Código: CL3200832872003 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: marzo-maio Horario: 12.00-14.00 horas	Código: CL4200832872004 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: marzo-maio Horario: 10.00-12.30 horas
---------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Localidade	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Ourense	Código: CL1200832872005 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: outubro-novembro Horario: 10.00-12.00 horas	Código: CL2200832872006 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: outubro-novembro Horario: 8.00-10.00 horas	Código: CL3200832872007 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: outubro-novembro Horario: 10.00-12.00 horas	Código: CL4200832872008 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: outubro-novembro Horario: 8.00-10.00 horas
Ourense	Código: CL1200832872009 Lugar: Escola Politécnica Datas: marzo-maio Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL2200832872010 Lugar: Escola Politécnica Datas: marzo-maio Horario: 20.00-22.00 horas	Código: CL3200832872011 Lugar: Escola Politécnica Datas: marzo-maio Horario: 18.00-20.00 horas	Código: CL4200832872012 Lugar: Escola Politécnica Datas: marzo-maio Horario: 19.30-22.00 horas
Ourense	Código: CL1200832872013 Lugar: Escola Politécnica Datas: setembro-novembro Horario: 20.00-22.00 horas	Código: CL2200832872014 Lugar: Escola Politécnica Datas: setembro-novembro Horario: 18.00-22.00 horas	Código: CL3200832872015 Lugar: Escola Politécnica Datas: setembro-novembro Horario: 20.00-22.00 horas	Código: CL4200832872016 Lugar: Escola Politécnica Datas: setembro-novembro Horario: 18.00-20.00 horas
Ourense				Código: CL4200832872017 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: mes de agosto intensivo Horario: 10.00-13.00 horas
Verín		Código: CL2200832600018 Lugar: casa da xuventude Datas: marzo-maio Horario: 10.00-12.00 horas	Código: CL3200832600019 Lugar: casa da xuventude Datas: setembro-novembro Horario: 18.00-20.00 horas	
Allariz			Código: CL3200832660020 Lugar: Centro Social O Portelo Datas: setembro-novembro Horario: tarde	
O Barco de Valdeorras	Código: CL1200832300021 Lugar: IES Lauro Olmo Datas: marzo-maio Horario: tarde		Código: CL3200832300022 Lugar: IES Lauro Olmo Datas: setembro-novembro Horario: tarde	
O Carballiño		Código: CL2200832500023 Lugar: aula concello Datas: marzo-maio Horario: tarde	Código: CL3200832500024 Lugar: aula concello Datas: setembro-novembro Horario: tarde	

### Programación de cursos Celga do GNL de Pontevedra:

Pontevedra	Código: CL1200836000001 Lugar: CEP A Xunqueira II Datas: abril-maio Horario: 17.00-19.30 horas	Código: CL2200836000002 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: abril-maio Horario: 10.00-12.30 horas	Código: CL1200836000003 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: abril-maio Horario: 10.00-12.30 horas	Código: CL4200836000004 Lugar: CEP A Xunqueira II Datas: abril-maio Horario: 19.30-22.00 horas
Pontevedra		Código: CL2200836000005 Lugar: IES Sánchez Cantón Datas: abril-maio Horario: 18.30-21.00 horas	Código: CL1200836000006 Lugar: IES Sánchez Cantón Datas: abril-maio Horario: 18.30-21.00 horas	
Pontevedra			Código: CL1200836000007 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: agosto Horario: 9.00-13.00 horas	Código: CL4200836000008 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: agosto Horario: 9.00-13.00 horas
Pontevedra	Código: CL1200836000009 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: setembro-novembro Horario: 10.00-12.30 horas	Código: CL2200836000010 Lugar: CEP A Xunqueira II Datas: setembro-novembro Horario: 17.00-19.30 horas	Código: CL1200836000011 Lugar: CEP A Xunqueira II Datas: setembro-novembro Horario: 17.00-19.30 horas	Código: CL4200836000012 Lugar: Escola Oficial de Idiomas Datas: setembro-novembro Horario: 10.00-12.30 horas
Pontevedra		Código: CL2200836000013 Lugar: Centro Galego de Tecnificación Deportiva Datas: setembro-novembro Horario: 10.00-12.30 horas	Código: CL1200836000014 Lugar: Centro Galego de Tecnificación Deportiva Datas: setembro-novembro Horario: 10.00-12.30 horas	Código: CL4200836000015 Lugar: CEP A Xunqueira II Datas: setembro-novembro Horario: 19.30-22.00 horas
Vigo	Código: CL1200836200016 Lugar: Inst. P. Marítimo-Pesqueiro do Atlántico Datas: abril-maio Horario: 10.00-12.30 horas	Código: CL2200836200017 Lugar: Inst. P. Marítimo-Pesqueiro do Atlántico Datas: abril-maio Horario: 17.00-19.30 horas	Código: CL1200836200018 Lugar: Inst. P. Marítimo-Pesqueiro do Atlántico Datas: abril-maio Horario: 17.00-19.30 horas	Código: CL4200836200019 Lugar: Inst. P. Marítimo-Pesqueiro do Atlántico Datas: abril-maio Horario: 10.00-12.30 horas
Vigo				Código: CL4200836200020 Lugar: Inst. P. Marítimo-Pesqueiro do Atlántico Datas: abril-maio Horario: 19.30-22.00 horas
Vigo			Código: CL1200836200021 Lugar: Inst. P. Marítimo-Pesqueiro do Atlántico Datas: agosto Horario: 9.00-13.00 horas	Código: CL4200836200022 Lugar: Inst. P. Marítimo-Pesqueiro do Atlántico Datas: agosto Horario: 9.00-13.00 horas
Vigo	Código: CL1200836200023 Lugar: Inst. P. Marítimo-Pesqueiro do Atlántico Datas: setembro-novembro Horario: 17.00-19.30 horas	Código: CL2200836200024 Lugar: Escola M. de Artes e Oficios-García Barbón, 5 Datas: setembro-novembro Horario:	Código: CL1200836200025 Lugar: IES Alexandre Bóveda Datas: setembro-novembro Horario: 17.00-19.30 horas	Código: CL4200836200026 Lugar: IES Alexandre Bóveda Datas: setembro-novembro Horario:

Localidade	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Vigo				Código: CL4200836200027 Lugar: IES Alexandre Bóveda Datas: setembro-novembro Horario: 19.00-21.30 horas

Ademais dos cursos anteriores e á vista das solicitudes de colectivos e particulares e da distribución xeográfica destas, os gabinetes provinciais de normalización lingüística efectuarán unha proposta de programación dos cursos en cada unha das provincias e daránlle conta diso á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Cando por causa da contía e dos límites orzamentarios non se poidan atender todas as peticións, elaborárase unha lista de solicitudes pendentes e, no caso de que algunha das entidades ás cales se lles conceda un curso renuncie a el, asignaráselle á seguinte da lista.

Na programación sinaláranse as datas de comezo, horario e lugar onde se impartirá cada curso.

Con relación ás solicitudes de persoas interesadas en asistir aos cursos, se non lles interesasen os anteriormente ofertados, poderán solicitar que se lles inclúa nalgún dos cursos programados por petición das entidades na localidade solicitada ou na súa proximidade. As listas de admitidos faranse públicas na páxina web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega) e nos taboleiros de anuncios dos gabinetes provinciais de normalización lingüística.

#### 12.1. Resolución.

Con respecto aos cursos ofertados anteriormente, autorizarán a súa realización os delegados ou delegadas provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a medida que as peticións completen o número de prazas.

Respecto das peticións de entidades, efectuarán unha proposta de programación os gabinetes de normalización lingüística de cada provincia, que valorará conxuntamente a secretaria xeral de Política Lingüística. Unha vez aprobada a programación, correspóndelles a resolución de autorización dos cursos aos delegados ou delegadas provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística ([www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega)), na epígrafe de cursos, onde se actualizarán os cambios de programación que se puidesen producir con posterioridade.

As listas de persoas admitidas para participar nos cursos faranse públicas, igualmente, na páxina web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega) e nos taboleiros de anuncios dos gabinetes provinciais de normalización lingüística.

#### 13. Réxime de recursos.

Contra a resolución de concesión dos cursos, as entidades e persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante a secretaria xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, contado a partir da publicación da resolución, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os tribunais contencioso-administrativos.

#### 14. Prazo de resolución do procedemento e sentido do silencio.

De non recaer resolución expresa sobre a solicitude no prazo de seis meses, que se contarán desde a publicación desta convocatoria no DOG, as solicitudes entenderanse desestimadas.

#### 15. Delegación de competencias e desconcentración de créditos.

Para unha máis eficaz xestión e desenvolvemento desta convocatoria, esta secretaria xeral desconcentrará os créditos necesarios para sufragar os gastos desta convocatoria e delegaranse as facultades para resolver e para xestionar os gastos relativos aos cursos programados en cada provincia nas correspondentes delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas que teñen establecida a súa sede os gabinetes provinciais de normalización lingüística de cada provincia.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante a secretaria xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2008.

María Sol López Martínez  
Secretaria xeral de Política Lingüística



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>CURSOS PREPARATORIOS PARA OS NIVEIS CELGA 1, 2, 3 E 4 DE LINGUA GALEGA PARA ADULTOS E COLECTIVOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR104B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDES INDIVIDUAIS</b>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	---------------------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO			PROVINCIA
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

<input type="checkbox"/> CURSO PROGRAMADO	CÓDIGO	
NIVEL:	<input type="checkbox"/> CELGA 1	<input type="checkbox"/> CELGA 2
	<input type="checkbox"/> CELGA 3	<input type="checkbox"/> CELGA 4
<input type="checkbox"/> CURSO NON PROGRAMADO		
NIVEL:	<input type="checkbox"/> CELGA 1	<input type="checkbox"/> CELGA 2
	<input type="checkbox"/> CELGA 3	<input type="checkbox"/> CELGA 4
LOCALIDADE ONDE O DESEXA REALIZAR	DATAS	HORARIO

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 12 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter gratuito, cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para adultos e colectivos de Galicia, no ano 2008 (PR 104 B).</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

\* Secretaría xeral de Política Lingüística. Santiago de Compostela

\* Gabinete de Normalización Lingüística de

\* Delegación provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de

(Risque o que non proceda)



ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>CURSOS PREPARATORIOS PARA OS NIVEIS CELGA 1, 2, 3 E 4 DE LINGUA GALEGA PARA ADULTOS E COLECTIVOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR104B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDES COLECTIVOS</b>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO			PROVINCIA
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
			FAX

<input type="checkbox"/> CURSO PROGRAMADO CÓDIGO	
NIVEL:	<input type="checkbox"/> CELGA 1 <input type="checkbox"/> CELGA 2 <input type="checkbox"/> CELGA 3 <input type="checkbox"/> CELGA 4
<input type="checkbox"/> CURSO NON PROGRAMADO CÓDIGO	
NIVEL:	<input type="checkbox"/> CELGA 1 <input type="checkbox"/> CELGA 2 <input type="checkbox"/> CELGA 3 <input type="checkbox"/> CELGA 4
LOCALIDADE ONDE O DESEXA REALIZAR	DATAS
HORARIO	
DÍAS DE CLASE Á SEMANA E HORARIO QUE SE PROPÓN	DATA DE COMEZO DESEXABLE

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> LISTA DE PERSOAS PREINSCRITAS PARA REALIZAR O CURSO
------------------------------------------------------------------------------

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Lle presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nas punto 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 12 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios para as probas dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, para adultos e colectivos de Galicia, no ano 2008 (PR 104 B).</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

\* Secretaría xeral de Política Lingüística. Santiago de Compostela

\* Gabinete de Normalización Lingüística de

\* Delegación provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de

(Risque o que non proceda)